VIVIR

Título orixinal ***Ikiru*** Ano **1952** Duración **143'** Dirección **Akira Kurosawa**
Guión **Akira Kurosawa, Shinobu Hashimoto, Hideo Oguni**
Idioma **Xaponés** Fotografía **Asakazu Nakai** Montaxe **Kôichi Iwashita**
Son **Ichirô Minawa, Fumio Yanoguchi** Música **Fumio Hayasaka**
Dirección de arte **Takashi Matsuyama** Reparto **Takashi Shimura, Nobuo Kaneko, Kyôko Seki, Makoto Kobori, Kumeko Urabe, Yoshie Minami, Miki Odagiri**
Produtora **Toho** Distribución **A Contracorriente**

Un experimentado funcionario leva unha existencia monótona, até que a noticia dunha enfermidade incurábel que vai acabar con el faille buscar o sentido da vida. O señor Kanji Watanabe aprende de súpeto a gozar dos seus últimos días, coa axuda dunha moza que lle fai recuperar a vitalidade.

☞ Premio Especial do Senado de Berlín na Berlinale de 1954.

NOVEMBRO: AKIRA KUROSAWA e JAFAR PANAHI

LUNS 11.11.2019 ***TAXI TEHERÁN*** (Jafar Panahi, 2015, Irán)*

MARTES 12.11.2019 ***TRONO DE SANGUE*** (Akira Kurosawa, 1957, Xapón)

LUNS 25.11.2019 ***TRES CARAS*** (Jafar Panahi, 2018, Irán)*

MARTES 26.11.2019 ***O INFERNO DO ODIO*** (Akira Kurosawa, 1962, Xapón)

*A programación dos luns realízase en colaboración co CGAI-Filmoteca de Galicia.

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#110
5.11.2019

VIVIR

AKIRA KUROSAWA

CINECLUBE PONTEVEDRA

VIVIR POR ANDRÉ BAZIN

Non sei se foi un conxunto de prexuízos críticos, que tiña eu tamén en parte, o que cegou a Moullet[1] ante os filmes presentados na Cinemateca; coido que teño que achegar, para un deles cando menos, un testemuño radicalmente oposto.

Trátase de *Vivir* (*Ikiru*), sobre o que Moullet escribe tranquilamente que bate os récords do ridículo, mentres que eu acho que é o filme xaponés máis bonito, máis sabio e máis conmovedor que puiden ver cando menos entre as producións do ciclo moderno.

Suliñemos en primeiro lugar que se trata dun guión contemporáneo e que esta actualidade modifica radicalmente o problema irritante das influencias. *Vivir* é, por suposto, e por mil razóns profundas, un filme especificamente xaponés, mais o que sorprende nesta obra e se impón ao espírito é o valor universal da súa mensaxe. Máis en concreto, *Vivir* é xaponés do mesmo xeito ca *O vampiro de Düsseldorf* era alemán, ou *Citizen Kane* americano. Non é precisa unha tradución mental dun xeito de cultura a outro para ler claramente e ao mesmo tempo a inspiración particular e o significado xeral. A internacionalidade de *Vivir* non é xeográfica senón xeolóxica, xorde da profundidade do estrato moral subterráneo onde Kurosawa soubo ir buscala. Mais como se trata tamén de homes da nosa época, de contemporáneos, cos que unha breve viaxe en avión nos poñería en contacto, Kurosawa ten o dereito a ir buscar de vez en cando na retórica cinematográfica mundial, coma James Joyce no vocabulario de todos os idiomas para volver inventar o inglés, un inglés que poderiamos crer traducido de antemán mais que, sen embargo, é intraducible.

E se cadra por iso *Vivir* puido ser clasificado en 1952 á cabeza dos dez mellores filmes nacionais polos críticos xaponeses que, como sabemos, resérvanse o xuízo acerca dos filmes con samurais para festivais e, en particular, acerca de *Rashomon*. Pregúntome pois se no canto de considerar o cosmopolitismo de Kurosawa coma un compromiso comercial, mesmo se é de gran calidade, non teriamos que consideralo ao contrario coma un progreso dialéctico que marca o porvir do cinema xaponés. Personalmente, prefiro se cadra o estilo de Mizoguchi, coma a pura música xaponesa da súa inspiración, mais inclínome ante a amplitude das perspectivas intelectuais, morais e estéticas abertas por un filme coma *Vivir*, que ten uns valores moito máis importantes, tanto no guión coma na forma.

Non volverei falar do pequeno resumo de Moullet, que a fin de contas non traizoa senón o tema do filme, inevitable cando un o abstrae do contexto e da súa realización. Mais quero que noten que se trata, dalgún xeito, dunha inversión do tema de *Fausto*. O vello doutor desexa, en efecto, volver á súa xuventude para vivir a súa vida para o mal. O heroe de *Vivir* sábese condenado e procura inxenuamente como coñecer, en poucos meses de vida que lle quedan, a vida que inconscientemente ignorou. Descobre que o máis doado é facer, coma funcionario municipal, a boa acción social que está ao seu alcance, non porque o ben lle tente máis có mal senón porque un ser mozo e sinxelo lle revelou o sentido da máis modesta creación. Este vello convértese nun santo sen sabelo nin el nin os demais, porque é o camiño máis curto que existe entre el e a vida.

Vemos pois todos os riscos que encerraba tal tema: sentimentalismo, melodrama, moralismo, tese social. Todos estes perigos foron máis ca evitados, trascendidos, en fórono grazas, en particular, a unha intelixencia das estruturas do relato que me deixan pasmado. O que Moullet chama o «enterro sen fin», que ocupa en efecto case a metade do filme, é unha audacia incrible do relato. Durante unha hora, vemos e escoitamos os amigos, parentes e colegas que asistiron ao seu enterro falar do morto. E fano mentres beben viño de arroz e comen pasteliños. Estas conversas están entrecortadas por uns *flashbacks* que nos revelan pouco a pouco a actividade do heroe antes da súa morte e, a través dela, a súa verdadeira personalidade. Mais estas voltas ao pasado son sempre bastante breves e non reducen en absoluto a discusión dos convidados a unha simple astucia de presentación. A materia do filme reside pois tanto no presente coma no pasado e a tensión nace da converxencia que se perfila progresivamente entre a verdade secreta da realidade evocada e a conciencia que as testemuñas toman dela pouco a pouco. Ao final, entenden por fin o segredo do morto: sabíase condenado e sacrificara os seus últimos días a unha misión exemplar. Mais para entón toda a xente está xa bébeda e esta verdade exalta só uns borrachos moi dignos que a han esquecer ao seguinte día.

Habería moitas cousas que dicir sobre *Vivir* e en particular sobre o papel do tempo no relato, tan diferente das esixencias dramáticas occidentais coas súas simetrías artificiais, sen que haxa sen embargo un só minuto que poida ser considerado coma gratuíto. Esta composición é máis sabia e máis delicada, nada máis. Agardemos que algún distribuidor francés lle ofreza proximamente ao público esta obra mestra e entón teremos pois ocasión de volver falar dela.

1 N. do Cineclube. Refírese ao crítico francés Luc Moullet, que escribiu no núm. 68 da *Cahiers du Cinéma*, de febreiro de 1957, unha crítica sobre a retrospectiva de Kurosawa organizada pola Cinemateca Francesa.

En BAZIN, ANDRÉ (1977): *El cine de la crueldad*. Bilbao: Ediciones Mensajero.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.